



O Software Libre nos concellos de Galicia

Contidos

Ficha técnica

Análise de datos

Conclusións principais

páx. 3

páx. 5

páx. 21





Ficha Técnica



1. Ficha Técnica

Universo: Todos os concellos galegos (313 concellos)

Tamaño da mostra: 218 enquisas.

Período de referencia da enquisa: Último trimestre do ano 2019


Tipo de mostra: Estratificada. Segmentouse a mostra en función de dúas variables: número de habitantes e provincia. A asignación inicial da mostra foi proporcional, se ben, foi preciso realizar unha ponderación posterior para a análise de datos.

Erro da mostra: No suposto dunha mostraxe aleatoria simple, baixo a hipótese xeral máis desfavorable ($P=Q=0,5$) e cun nivel de confianza do 95,5%, o erro máximo admitido no cálculo dunha magnitude absoluta é do 3,67%

Tipo de entrevista: Cuestionario electrónico (Internet).

Periodicidade da enquisa: Cada dous anos.






Análise de datos



Software libre / software privativo nalgún equipo informático

Evolución do
Software Libre:
Período 2013-2019:
+ 7,4%.




Fonte: OSIMGA

O **85,4%** dos concellos galegos dispón de software libre nalgún equipo informático, en ordenadores de usuario ou servidores.

Por outra banda, o software privativo segue reducindo a súa presenza nos concellos galegos. Con respecto á última edición deste estudo descendeu un 9%.

Software libre / software privativo nos ordenadores de usuario



Durante o ano 2019 **incrementouse o número de concellos que dispoñen só de software libre nos ordenadores de usuario** pasando do 4,8% en 2017 ao 8,1% en 2019 o que **supón un incremento do 69%**.

Ademais descendeu a porcentaxe de concellos que posúen tanto software libre como privativo en 7 puntos porcentuais, que se relaciona co incremento de concellos que só posúen software libre.



Software libre / software privativo nos servidores




No ano 2019 séguese observando o incremento de concellos que posúen ambos os dous tipos de software nos seus servidores. O crecemento bianual deste indicador sitúase en 0,9 puntos porcentuais, acadando un **49,6%**.

A mesma tendencia de crecemento obsérvase nos concellos que só dispoñen de software libre nos seus servidores experimentando un aumento de **6,9** puntos porcentuais con respecto ao ano 2017 e **9,6** desde o ano 2013. Nesta edición **un 13,5% dos concellos contan só con software libre nos seus servidores.**



Barreiras no uso do Software Libre




As principais barreiras no uso do software libre nos concellos son a falta de formación (70,9%), a falta de provedores ou soporte (68,2%) e o descoñecemento do SL ou a falta de información (66,6%).



Sistemas operativos e aplicacións informáticas libres en ordenadores de usuario e servidores

Concellos con sistemas operativos libres / aplicacións libres en ordenadores ou servidores
(% concellos con software libre en ordenadores / servidores)




Fonte: OSIMGA

Máis da metade dos concellos dispón de aplicacións libres nos ordenadores ou servidores e un 34,4% conta con sistemas operativos libres nos servidores dos concellos (34,4%), sendo máis habitual que nos ordenadores (21,5%).



Tipoloxía de software dispoñible en aplicacións informáticas de uso xeral

Tipoloxía de software dispoñible en aplicacións informáticas de uso xeral
(% concellos que dispoñen da aplicación informática correspondente)



Fonte: OSIMGA

A tendencia máis estendida nas aplicacións de ofimática e o navegador de Internet é a dispoñibilidade simultánea de software libre e software privativo, rexistrando porcentaxes do 65% e o 62,6%, respectivamente.

Pola contra, o 73,6% só emprega software privativo nos antivirus e software de seguridade mentres que no xestor de correo electrónico, a implantación de software libre é superior.




Valoración global do uso dos distintos tipos de software

O software libre obtén unha valoración similar ao privativo por parte dos concellos galegos, cunha puntuación media do 6,81.

Valoración global do uso dos distintos tipos de software


Escala empregada: 1 (valor máis baixo) a 10 (valor máis alto)
(Concellos con software libre)



Fonte: OSIMGA



Previsión da evolución do uso do software libre nos concellos en 1 ou 2 anos




Fonte: OSIMGA

A previsión máis habitual nos concellos é que o uso do software libre vaise manter no mesmo nivel de uso nos próximos dous anos, tanto en servidores (37,3%) coma en ordenadores de usuario (40,2%). Nestes últimos obsérvase unha mellor perspectiva de uso nos próximos anos, xa que o 19,2% consideran que o uso do software libre aumentará nos ordenadores de usuario.



Formación informática recibida polo persoal interno da entidade no último ano

Formación informática recibida polo persoal interno da entidade no último ano
(% sobre o total de concellos)



Fonte: OSIMGA

O 43,8% do persoal usuario dos programas recibiu formación no último ano. No caso dos técnicos ou encargados de actividades, esa porcentaxe acada o 36,4%.


Tipoloxía de información informática recibida polo persoal da entidade local no último ano

Máis da metade da formación relativa a *software* que se impartiu no último ano, tanto ao persoal usuario dos programas como aos técnicos ou encargados das actividades, foi formación sobre *software* privativo.

Máis da terceira parte de concellos opta por proporcionar formación tanto en *software* libre como en *software* privativo, tanto para o persoal técnico informático (38,9%) como para o persoal usuario (34,1%).

Tipoloxía de información informática recibida polo persoal da entidade local no último ano

(% concellos con persoal interno que recibiu formación)




Fonte: OSIMGA



Nivel de coñecementos de software libre dos encargados informáticos e persoal usuario

Nivel de coñecementos de software libre dos encargados informáticos e persoal usuario

(puntuación media sobre o total de concellos)



O nivel de coñecemento do software libre dos concellos galegos é maior entre os técnicos encargados das actividades informáticas (6,5) que entre o persoal usuario dos programas informáticos (4,6).

Tendo en conta a evolución respecto a 2017, o coñecemento entre os técnicos e o persoal usuario aumentou 0,2 puntos.

Fonte: OSIMGA




Accións comerciais recibidas no último ano

As accións comerciais (visitas presenciais, información a través de teléfono, correo, etc.) redúcese lixeiramente nos concellos galegos, tanto en relación ao software libre coma ao privativo.

Aínda que son máis frecuentes as accións comerciais que se realizan no software privativo, é neste tipo de produto onde se observa unha maior diminución da “presenza comercial”.

A escasa presenza comercial do software libre (só un 14,1%) relaciónase directamente cunha das principais barreiras de uso que sinalan os concellos: “ Descoñecen o software libre ou fáltalles información”, que se sinalaba nun 66,6% dos concellos.


Accións comerciais recibidas no último ano
(% sobre o total de concellos)



Fonte: OSIMGA



Accións para promover o software libre nas entidades




Fonte: OSIMGA

A formación aos usuarios é a principal acción demandada dende os concellos para a promoción do software libre. Así o destacan un 65,5% dos concellos. A este tipo de acción séguenlle tanto as demostracións de funcionamento dos produtos coma o asesoramento ao caso concreto, co 58,8% e 58,2% respectivamente.



Modalidade do xestor de contidos das entidades




Fonte: OSIMGA

O 47,3% dos concellos de Galicia que contan con xestor de contidos de portais e páxinas web, optou no ano 2019 exclusivamente pola modalidade de Software libre, superando aos que empregan software privativo (39,3%) en 8 puntos porcentuais.




Modalidade dos documentos descargables da páxina web




Fonte: OSIMGA

Entre os concellos que contan na súa páxina web con documentos descargables, o 60,3% opta exclusivamente polos estándares abertos. Esta modalidade está á alza, incrementándose nuns 0,6 puntos porcentuais respecto ao ano 2017.





Conclusións Principais



Conclusións Principais

O **85,4%** dos concellos dispón de software libre nalgún equipo informático, en ordenadores de usuario ou servidores, **amentando o 7,4%** dende o ano 2013.

O 59,8% dos concellos galegos ten aplicacións libres nos servidores e o 54,7% nos ordenadores.

A **combinación de software libre e software privativo é a opción máis común** en todas as aplicacións informáticas analizadas, agás no caso do antivirus e seguridade, maioritariamente privativo.

No caso dos navegadores de Internet, a ofimática e o xestor de correo, a porcentaxe de concellos que opta só por software libre supera á que opta só por software privativo.


A **falta de formación, a falta de provedores ou soporte e o descoñecemento do SL ou a falta de información son os argumentos principais** polos que algúns concellos non contan con Software Libre nas súas entidades.

A maioría dos concellos opina que o Software Libre **manterá o uso** que posúe na actualidade durante os próximos dous anos.

A **principal acción** que se demanda dende os concellos para a promoción do software libre é a **formación** aos usuarios nesta materia (65,5% dos concellos).

O **60,3%** dos concellos, que contan na súa páxina web con documentos descargables, opta exclusivamente por **estándares abertos**.

O 85,4 % dos concellos dispón de software libre nalgún equipo informático (ordenadores / servidores)



No caso dos navegadores de Internet, a ofimática e o xestor de correo, a porcentaxe de concellos que opta só por software libre supera á que opta só por software privativo.

A formación aos usuarios é a principal acción demandada dende os concellos para a promoción do software libre, así o destacan o 65,5% dos concellos.



